Concello de Cedeira Tlfno: 981 480 000- fax: 981 482 506 | correo@cedeira.es
Rúa Real,15 | 15350 Cedeira - A Coruña

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DA AV. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE

Nº Expediente: 2017/C003/000003
Asunto: Contratación de REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DE AVDA. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.07.2017 foi aprobado o expediente de contratación e o Prego-tipo de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obras denominado "REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DE AVDA. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE", por procedemento negociado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 27.07.2017 foi publicado un anuncio na prensa, no diario "La Voz de Galicia".

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes:
- CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.
- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.
- LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
- JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.

A Mesa de contratación, logo das reunións de datas 7, 25 e 31 de agosto de 2017, valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Apertura de sobres A (documentación administrativa) : admitir a todos os licitadores presentados.

2.- Aprobación da valoración técnica (sobres B) realizada polo Sr. arquitecto municipal con data 23.08.2017, de cuxo informe despréndese o seguinte, de acordo cos criterios de adxudicación e de negociación contidos no prego de cláusulas administrativas:

EMPRESA	PUNTUACION
CONSTR. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	2,78
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	1,46
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	1,57
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	1,99

3.- As ofertas económicas presentadas son as seguintes:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE
CONSTR. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	123.966,94
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	122.727,00
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	122.727,27

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.cedeira.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	119.008,26

4.- Unha vez realizados os cálculos matemáticos, resulta a seguinte puntuación, que xunto coa valoración das referencias técnicas obténse o seguinte resultado:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
CONSTR. GUERREIRO SOMOZAS,S.L.	**2,78**	**0,00**	**2,78**
JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	**1,46**	**0,28**	**1,74**
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A	**1,57**	**0,28**	**1,85**
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	**1,99**	**0,93**	**2,92**

5.- Notificar aos licitadores admitidos (identificados mediante códigos) a súa posición en canto ás puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas para que presenten, no prazo máximo de 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados, ou se ratifiquen expresamente na oferta presentada, obténdose a seguinte valoración definitiva:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
CONSTR. GUERREIRO SOMOZAS,S.L.	**2,78**	**110.950,41**	**2,28**	**5,06**
JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	**1,46**	**122.727,00**	**0,24**	**1,70**
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A	**1,57**	**122.727,27**	**0,24**	**1,81**
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	**1,99**	**109.673,55**	**2,48**	**4,47**

6.- A Mesa formulou con data 31.08.2017 unha proposta de adxudicación a favor da seguinte empresa, por ser o licitador que presentou a oferta no seu conxunto máis vantaxosa:

Empresa: CONSTRUCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.
Prezo: 110.950,41 euros e 23.299,59 euros de IVE, cun total de 134.250,00 euros.

O día 04.09.2017 requiriuse á empresa CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L. para que presente a documentación á que se refire a cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, e constitúa a garantía definitiva polo importe de 5.547,53 €.

Con data 15.09.2017, a empresa CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., constituíu a garantía definitiva polo importe de 5.547,53 euros (Aval núm. 362650 da entidade ABANCA de data 14.09.2017) e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Reunida de novo a Mesa de contratación con data 15.09.2017, logo de examinar a documentación presentada por esta empresa e sendo correcta, ratifícase na súa proposta de adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do TRLSP, de Contratos do

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.cedeira.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Sector Público, **RESOLVO:**

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 315/2015 de 01.07.2015 por darse as circunstancias recollidas no art. 14 da Lei 30/1992.

2.- Adxudicar o contrato de obras denominado "REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DE AVDA. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE" por procedemento negociado e coas seguintes condicións:

- Empresa: CONSTRUCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.
- Prezo: 110.950,41 euros e 23.299,59 euros de IVE, cun total de 134.250,00 euros.
- Prazo de execución: 2 meses

3.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

4.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

5.- Notificar a D. Enrique Guerreiro Martínez, en representación de "Construcciones Guerreiro Somozas, S.L.", adxudicatario, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día **20.09.2017** ás 12:00 horas no Concello de Cedeira.

6.- Notificar así mesmo ao adxudicatario os gastos de publicidade correspondentes ao anuncio de licitación na prensa, os cales ascenden a 324,28 €.

7.- Encargar a **dirección desta obra e a coordinación de seguridade e saúde** a ATIGA INGENIERÍA, S.L, nomeando director da obra e coordinador de seguridade e saúde a D. José J. Tarrío González; e notificar o presente acordo.

8.- Publicar a adxudicación do contrato de obras "REPARACIÓN E MELLORA NAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DE AVDA. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE" na web municipal e no Perfil de Contratante do Concello de Cedeira.

9.- Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

10.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333 do TRLCSP, de Contratos do Sector Público.

11.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

12.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.cedeira.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).